

cristiana fixo en 1998 a un grupo de cristiáns e que Torres Queiruga contestou nunhas páxinas que deron pé a este capítulo.

As persoas que coñecen a obra de Andrés van ver unha vez máis a coherencia das súas teses e o seu esforzo por poñelas ó alcance de calquera crente. Se alguén o le por primeira vez, sen dúbida que quere continuar nesta tarefa de *aggiornamento* posconciliar.

Engracia VIDAL ESTÉVEZ

PÉREZ PRIETO, VICTORINO: *Con cordas de tenrura*, SEPT, Vigo, 2000, 145 páxs.

Autor ben coñecido no ámbito de *Encrucillada*, *Irimia* e diversas publicacións de contido cristián ou galeguista, así mesmo polas súas colaboracións noutros libros da mesma liña. Saíu do prelo no verán do 2000. Está “a cabalo entre a espiritualidade e a reflexión teolóxica” en palabras do seu autor.

Nun primeiro apartado ofrécenos desde “a experiencia vivida persoalmente e compartida” unhas referencias pedagóxicas para facer camiño cara “o reencontro co Deus de Xesús”. É unha invitación “a abrirse a Deus nos momentos concretos”, un Deus “que sempre se deixa atopar aínda que cómpre sintonizar co seu Kairos”. Na súa vinculación coa vida, a oración vai atopalo seu senso de plenitude.

Nun segundo apartado preséntanos a Cristo como “principio e fundamento do encontro co Señor”; encontro que saíndo da iniciativa de Deus ten como obxectivo “camiñar en amizade” con El.

O terceiro apartado é unha fermosa invitación a “beber no pozo de Miriam de Nazaré e as mulleres bíblicas”. Cun rico abano de referencias a traballos xa publicados doutras autoras ou autores especializados na reflexión teolóxica sobre a muller na Biblia, ofrece guieiros anovados para nos mergullar na riqueza dun campo teolóxico de viva actualidade e apaixonantes reencontros.

Nun cuarto apartado, desde a rotundidade da afirmación de que “ser cristián é coñecer e seguir a Xesús Cristo” amosa vieiros dese seguimento “polo camiño das Benaventuranzas”, “polo camiño da cruz” e o encontro “co Cristo resucitado na Igrexa”.

Cada capítulo remata con suxestións para a oración persoal ou comunitaria.

Libro de sinxela lectura, alcanzable comprensión, evocador de vivencias. Non sabería eu concretar se desde a cabeza chega ó corazón ou se o camiño é o inverso, do corazón á cabeza.

A sinxeleza do título é suxerente para atopar un remanso de acougo e logo poñéndose en pé, botando man ó caxato dunha fe comprendida, vivida e celebrada, seguí-lo camiño para un xubiloso “reencontro” co Deus Pai-Nai.

Hermelinda DAPENA TARELA

PEDRO F. CASTELAO, *El trasfondo de lo finito. La revelación en la teología de Paul Tillich*, Desclée de Brouwer, Bilbao, 2000, 202 pág.

Un libro interesante e significativo, tanto por quen o escribe, como polo autor e o tema estudado.

O autor, Pedro F. Castela, é aínda un *estudiante*, ocupado coa preparación da súa tese de doutoramento en teoloxía. É un estudante *laico*, que decidiu consagrar ó pensamento da fe toda a forza, a agudeza e o entusiasmo da súa mocidade, sen buscar salvavidas pragmáticos mediante o estudo doutra carreira: algo que alenta a esperanza no futuro da teoloxía, e auténtico preanuncio dunha figura eclesial –a do teólogo/a laico/a– que está chamada a medrar en protagonismo no futuro eclesial. É un estudante *galego*, aínda que, por razóns de estudio –fóra de Galicia, na Universidade Pontificia de Comillas– o libro chegue en castelán.

Porque o estudio é froito da súa tese en licenciatura, algo aliviada, por unha banda, e enriquecida, pola outra, para a súa publicación en libro. Que Pedro Rodríguez Panizo, o director da colección onde aparece e que, ó tempo, dirixiu a tese e prologa o libro, fose quen o animou a publicalo, indica a súa valía. Un libro claro, verdadeiramente e sen tópico, dunha estraña madurez, que constitúe para calquera lector interesado unha introducción excelente tanto para o difícil e fundamental problema da revelación como para o pensamento de Tillich en xeral.

Non era fácil a tarefa, aínda que pagou a pena. O pensamento de Tillich, quen, como se sabe, tivo que emigrar ós EE.UU. por culpa do nazismo (foi o primeiro intelectual non xudeu en ter que o facer), é dunha enorme riqueza e complexidade. A súa preocupación foi sobre todo a de mostrar a radicación humana da relixión, recoñecendoa mesmo alí onde aparece sen nome ou incluso baixo a súa negación teórica. Iso levouno a se ocupar, cunha erudición amplísima e unha sensibilidade exquisita, de